

As titulacións de grao en Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, Linguas e Literaturas Modernas (itinerarios de Lingua e Literatura Alemás, Lingua e Literatura Francesas, Lingua e Literatura Italianas, Filoloxía Románica e Lingua e Literatura Portuguesas) e do Grao en Filoloxía Clásica, verificadas polo Consejo de Universidades e autorizadas mediante o Decreto 385/2009, do 27 de agosto (DOG/09/2009), configúranse mediante unha estrutura modular pero na que se establecen de xeito claro os créditos que deberán cursar todos os alumnos para a obtención do título de grao, e que son: 60 ECTS de formación básica; 144 ECTS de materias obrigatorias 24 ECTS de materias optativas e o TFG de 12 ECTS.

Os programas de estudo destas titulacións establecen a posibilidade de obter 12 ECTS polo recoñecemento das actividades contempladas no artigo 12.8 do RD 1393/2007 e polas competencias transversais da USC. Tamén poderán recoñecerse 6 ECTS pola realización de prácticas externas relacionadas co título.

Todas estas titulacións de Grao comparten a mesma arquitectura:

- a) Módulo de formación básica, de 60 ECTS, cuxas materias están vinculadas a Rama de coñecemento de Artes e Humanidades.
- b) Módulo de formación específica ou MAIOR, constituído por 120 ECTS organizados en 20 materias obrigatorias.
- c) Módulo de Formación Complementaria, de 24 ECTS de materias obrigatorias de 6 créditos, que lle permite ao estudante completar a formación obtida no Maior ao través do estudo dunha disciplina diferente da cursada nese Maior. Ofrecéndose deste xeito unha serie de itinerarios que se concretan en módulos dedicados ao estudo dunha segunda lingua e á súa literatura, ou realizar unha disciplina de carácter transversal ou afín, como *Teoría literaria* ou *Lingüística xeral*.
- d) Un módulo optativo, de 24 ECTS de materias optativas, que permitirá ao alumnado perfilar a súa formación coas seguintes posibilidades: a) completar ou reforzar a formación recibida no Maior; b) proseguir a recibida no Módulo Complementario para deste xeito obter no SET a mención MINOR; c) cursar un Módulo Complementario distinto do elixido como tal, ou d) iniciarse no estudo dunha terceira lingua e a súa literatura.
- e) Un Trabajo Fin de Grao de 12 créditos, mediante o que o estudante deberá demostrar as competencias adquiridas asociadas ao título ao longo das ensinanzas.

Esta estrutura común en todos os graos permítelle ao alumnado configurar de xeito flexible os itinerarios que pretende seguir, pero ao mesmo tempo, ao concretar en cada un dos módulos optativos de 24 ECTS as materias determinadas que o conforman, e de acordo coa normativa que ten aprobada a USC sobre esta materia, é necesario unha interpretación da súa aplicación respecto das titulacións de Grao da Facultade de Filoloxía, polo que esta reitoría

RESOLVE

Primeiro.- Segundo as memorias verificadas dos graos en Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, Lingua e Literatura Modernas e Filoloxía Clásica, para que no Suplemento Europeo ao Título (SET) poidan figurar as mencións é necesario que o estudante curse ou teña recoñecidos os créditos correspondentes á Formación Básica, aos módulos complementarios e aos módulos optativos que determinan cada un dos planos de estudo verificados.

Segundo.- Cando un estudante realice prácticas externas mediante o que se recoñezan créditos optativos (máximo 6), estes créditos poderán asignarse a calquera dos itinerarios que conducen a obtención dunha das mencións que se reflectirán no SET (Maior Plus, Minor e Mixta). Neste caso o

estudante só deberá superar 18 ECTS do módulo optativo, sempre e cando as prácticas externas teñan un recoñecemento de 6 ECTS.

Terceiro.- Cando un estudante consiga o recoñecemento de ata 12 créditos optativos (dos que 6, como máximo, poderán corresponder as actividades reguladas polo art. 12.8 e os outros 6 poderán ser créditos transversais da USC), de acordo coa *Resolución Reitoral pola que se aproba o texto refundido sobre o recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, a acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao na USC e o recoñecemento de créditos de idiomas como créditos transversais* (Publicada o 1 de febreiro de 2012), estes créditos recoñecidos descontaranse do total de créditos optativos que establece o plano para obter o título.


Cuarto.- No caso de adaptacións, nas que se poidan recoñecer materias optativas con equivalencia no grao, recoñeceránse estas materias aínda que non formen parte dun módulo optativo completo (maior plus, minor ou mixto) dos establecidos na memoria. Neste caso o estudante deberá superar o resto dos créditos optativos, que lle resten para poder titularse, consonte ao que determina o plano de estudos.

Quinto.- Tamén poderán recoñecerse como créditos optativos as materias cursadas mediante programas de mobilidade, ou pola adaptación de programas doutras universidades, teñan ou non materias equivalentes no grao, sempre que as súas competencias non fosen cursadas previamente noutras materias do grao e se correspondan con titulacións equivalentes e da mesma rama de coñecemento. Neste caso as materias figurarán no expediente do alumno coa mesma denominación e número de créditos que en orixe, se non hai materia equivalente no grao.

Sexto. Aos estudantes que obteñan o título de grao nos casos que se citan nos puntos terceiro, cuarto e quinto non se lles reflectirá a mención no SET, agás que estes créditos fosen cursados a maiores do módulo optativo correspondente á mención.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

O Reitor



Juan José Casares Long